

- De mais de 16 ata 19,99 cabalos fiscais : 113,36 euros.
- De 20 cabalos fiscais en diante: 141,68 euros.
- B) Autobuses
 - De menos de 21 prazas : 105,37 euros.
 - De 21 a 50 prazas : 150,07 euros.
 - De mais de 50 prazas : 187,59 euros.
- C) Camións
 - De menos de 1.000 kgs. de carga til : 53,48 euros.
 - De 1.000 a 2.999 kgs de carga til : 105,36 euros.
 - De 2.999 a 9.999 kgs. de carga til : 150,07 euros.
 - De mais de 9.999 kgs de carga til : 187,59 euros.
- D) Tractores.
 - De menos de 16 cabalos fiscais : 22,35 euros.
 - De 16 a 25 cabalos fiscais : 35,12 euros.
 - De mais de 25 cabalos fiscais : 105,36 euros.
- E) Remolques e semiremolques arrastrados por veh culos de tracción mecánica.
 - De mais de 750 ata 1.000 kgs. de carga til : 22,35 euros.
 - De 1.000 a 2.999 carga til : 35,12 euros.
 - De mais de 2.999 kgs. de carga til : 105,37 euros.
- F) Outros veh culos
 - Ciclomotores : 5,59euros.
 - Motocicletas de ata 125 c.c. : 5,59euros.
 - Motocicletas de mais de 125 ata 250 c.c. : 9,57 euros.
 - Motocicletas de mais de 250 ata 500 c.c. : 19,16 euros.
 - Motocicletas de mais de 500 ata 1.000 c.c. : 38,31 euros.
 - Motocicletas de mais de 1.000 c.c. : 76,63 euros.

ARTIGO 5.—BONIFICACIONES

Establcese unha bonificación do 100% para os veh culos cualificados como hist ricos de acordo co RD 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de veh culos hist ricos. Asemade, establcese unha bonificación do 100% para aqueles veh culos que teñan unha antigüidade mínima de vinte cinco anos, contados a partires da data da súa fabricación, ou, si esta non se coñecera, tomando como tal a data da primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variantes deixouse de fabricar. Estas bonificacións terñan carácter rogado, debendo acreditarse polo interesado os mencionados requisitos, como máximo no prazo dun mes contado dende o día seguinte a finalización do período de exposición pública do padrón do imposto referido ano das aplicacións.

ARTIGO 6.—PER ODO IMPOSITIVO E DEVENGO

O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos veh culos. Neste caso, o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.

O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

O importe da cota do Imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do veh culo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo de veh culo, esto dende o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Se o Concello coñece da baixa antes da elaboración do instrumento cobratorio correspondente, liquidarase a cota prorrateada que deba satisfacerse.

Cando a baixa ten lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do prorrateo previsto lle corresponda percibir.

ARTIGO 7.—PROCEDIMENTO DE XESTIÓN

No caso de primeira adquisición dun veh culo ou cando este se reforme de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina de xestión correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, autoliquidación por este imposto segundo o modelo aprobado polo Concello, que se acompañará na documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Certificado de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

Pola oficina xestora comprobarase a autoliquidación presentada e practicarase a correspondente liquidación definitiva ou complementaria, que será notificada individualmente interesado, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

No caso de veh culos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro cuadrimestre de cada exercicio.

No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de Padrón anual, no que figurarán todos os veh culos suxeitos imposto que estean inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo Municipal.

O Padrón ou matrícula do imposto exporase público polo prazo de 1 mes para que os lexítimos interesados podan examinalo e, no seu caso, formula-lo recurso de reposición oportuno. A exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producir os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

27.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

PREAMBULO

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Rexime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación do Imposto sobre bens inmobles, que se rexer polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1.—FEITO IMPOSIBLE

Constitúese o feito imposable do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens

inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que esten afectados.
- De un dereito real de superficie.
- De un dereito real de usufruto.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito imposable que corresponda, dos definidos neste artigo pola orde establecida, determinar a non suxeición do inmovible s restantes modalidades no mesmo previstas.

Os efectos deste imposto terñan a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas nor-

mas reguladoras do Catastro Inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do chan.

Non están suxeitos a este imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- Os seguintes bens inmovibles de propiedade deste Concello:
 - Os de dominio público afectos ao uso público.
 - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmovibles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 2.—EXENCIONES

Exencións directas de aplicación de oficio:

- Os que sendo propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais estean directamente afectos a seguridade cidadá e a servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos a Defensa Nacional.
- Os bens comunais e os montes veciñais en mancomún.
- Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación e subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
- Os da Cruz Vermella Española.
- Os inmovibles que sexa de aplicación a exención en virtude dos Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados a representación diplomática, consular, ou a seus organismos oficiais.
- A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que o seu principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa propia ou normal da especie de que se trate.
- Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que están dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, polo tanto, casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas de dirección nin as instalacións fabrís.

Exencións directas de carácter rogado:

- Os inmovibles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, e rixidos de concertos educativos, en canto a superficie afectada ao ensino concertado.
- Os declarados expresa e individualmente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, e inscrito no Rexistro Xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Artístico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita Lei. Esta exención alcanza exclusivamente a bens que reúnan os requisitos establecidos no artigo 62.2.b do Texto Refundido polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais 2/2004.
- A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de quince anos, contando a partir

do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a solicitude.

As exencións de carácter rogado, a nda que sexan directas, deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto.

Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Nembargante, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederáse si na data do devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito comú.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de carácter especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias das persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, así como das obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicará.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5.—BASE IMPONIBLE

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmovibles, que se determinará, notificar e será susceptible de impugnación conforme ao disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 6.—REDUCIÓNS

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmovibles urbanos e rústicos que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

a) Inmovibles nos que o valor catastral se incremente, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude de:

1º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1997.

2º A aplicación de sucesivos relatorios totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 68.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4º Procedementos de inscripción mediante declaraciones, comunicaciones, solicitudes, rectificaciones de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta reducción aplicaráse de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 68, 69 e 70 do TRLRFL.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables a bens inmoables de carácter especiais.

ARTIGO 7.—BASE LIQUIDABLE

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

ARTIGO 8.—TIPO DE GRAVAME E COTA

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,44%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,3%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable aos bens de carácter especiais queda fixado no 0,6%.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar Base Liquidable o tipo de gravame. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente.

ARTIGO 9.—BONIFICACIONES

As bonificacións de carácter deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto.

Con carácter xeral, o efecto da concesión de bonificacións comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Nembargante, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederáse si na data do devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

1. Concederáse unha bonificación do 90 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmoables que constitúan obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para disfrutar desta bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a cal farase mediante certificado do Técnico Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.
- Acreditación de que a empresa dedícase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal farase mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación dáse a propiedade e non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do imposto sobre Sociedades.

— A solicitude de bonificación poderase formular dende que se poida acreditar o inicio das obras.

— Fotocopia do alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

A acreditación dos requisitos anteriores poderase realizar tamén mediante calquera documentación admitida en dereito.

Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectan a diversos solares, na solicitude detallaranse as referencias catastrais dos diferentes solares.

2. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, disfrutará dunha bonificación do 50 % durante o prazo de tres anos, contados dende o ano seguinte á data de outorgamento da calificación definitiva.

Esta bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e ter efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Para ter dereito a esta bonificación, os interesados deberán aportar a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude da bonificación.
- Fotocopia da alteración catastral.
- Fotocopia do certificado de calificación de V.P.O.
- Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmovible (se na escritura pública non constara a referencia catastral, fotocopia do recibo do IBI do ano anterior).

3. Terán dereito a unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra dos bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Rixime Fiscal das Cooperativas.

4. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que a renda familiar non supere os 16.000 €/anuais, de acordo cas seguintes categorías:

- Titulares de familia numerosa de categoría xeral: 50%
- Titulares de familia numerosa de categoría especial: 75%

Para a aplicación de ditas bonificacións será requisito imprescindible a solicitude polo interesado, que deberá acreditar:

O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade familiar:

A condición e categoría de familia numerosa, por medio de título oficial.

Cada ano posterior, e con anterioridade ao transcurso dun mes dende a finalización do período de exposición pública do Padrón do Imposto, deberá comunicarse ao Concello, mediante escrito dirixido ao Ilmo Sr. Alcalde, o mantemento das condicións esixidas ou as variacións das circunstancias, xunto con copia dos xustificantes necesarios. A falla da devandita comunicación, suporía a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Esta bonificación non será compatible coas demais bonificacións establecidas no presente artigo.

O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo.

ARTIGO 10.—PER ODO IMPOSITIVO E DEVENGO

O período impositivo coincide co ano natural.

O imposto dev ngase o primeiro día do período impositivo.

Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior momento no que produzan efectos catastrales.

ARTIGO 11.—XESTI N

A xesti n deste imposto rexeráse de acordo co disposto nos artigos 76 e 77 do TRLRFL e demais disposicións legais ou regulamentarias que os desenrolen.

DISPOSICI N FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrar en vigor o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a s a modificación ou derogación expresa.

28.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

PREAMBULO

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Rexime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se rexer polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1.—FEITO IMPO IBLE

Constitúese o feito imponible deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poa de manifesto a consecuencia da transmisión da s a propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio sobre os referidos bens.

O título que se refire o apartado anterior será todo feito, acto ou contrato, calquera que sexa a s a forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, te a lugar por ministerio da Lei, por actos mortis-causa ou inter-vivos, a título oneroso ou gratuíto.

Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

En consecuencia, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos de dito imposto, con independencia de que esten ou non contemplados como tales no catastro ou no padrón de aquel.

Os efectos deste imposto, estarán as mesmo suxeito mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeis clasificados como de carácter sticas especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

Non se producirá a suxeición do imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizados polos cónxuxes sociedade conxugal, adxudicacións que se fagan a seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan a cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición do imposto nos supostos de transmisión de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o rexime económico matrimonial.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, que adquira o terreo ou no favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real do que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real do que se trate.

Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituíto do contribuínte a persoa física ou xurídica, ou a entidade que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou no favor de quen se transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 3.—EXENCIONS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos actos seguintes:

- A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
- As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou foran declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbeis.

As mesmo, estarán exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacer aquel corresponda a seguintes persoas ou entidades:

- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais, as que pertenza o municipio, as como os Organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de anexo carácter das Comunidades Autónomas e de ditas entidades locais.
- O Concello de Cambados e demais entidades locais integradas ou nas que se integre dito municipio, as como as s respectivas entidades de dereito público de anexo carácter s Organismos autónomos do Estado.
- As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a mesmas.
- A Cruz Vermella Española.
- As persoas ou Entidades no favor de quen se recoñeza a exención en Tratados ou Convenios Internacionais.

ARTIGO 4.—BASE IMPO IBLE

A base imponible deste Imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado longo dun período máximo de vinte anos.

A efectos da determinación da base imponible, terase en conta o valor do terreo no momento do devengo, de conformidade co previsto nesta Ordenanza, e a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os que se tivese xerado dito incremento segundo o previsto no apartado 3 deste artigo.